



Concello de FRADES

Condevala, 19

15600 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 e 981 - 69 50 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: concejo@frades.donana.es



D^a Ángela María Viqueira Allo, Secretaria- Interventora do Concello de Frades (A Coruña),
CERTIFICA:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o pasado venres 13 de maio de 2022 acordou por unanimidade adoptar entre outros o seguinte acordo:

(..)PROPOSTA DE ACORDO

ACORDO APROBACIÓN BASES CONTRATACIÓN 3 PEÓNS FORESTAIS - SUBVENCIÓN APROL RURAL 2022

Visto a Orde do 07 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022.

Considerando a resolución da Consellería de Emprego e Igualdade, de data 04/05/2022 para a contratación de 3 peóns forestais por un período de 9 meses.

De conformidade co artigo 21.g da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local

Esta alcaldía PROPÓN A XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

Primeiro.- *Aprobar a convocatoria do proceso selectivo, mediante presentación de oferta de emprego na Oficina de Emprego de Ordes para a contratación laboral temporal de 3 peóns forestais, mediante o sistema de concurso-oposición.*

Segundo.- *Aprobar as bases que se unen como anexo, que rexerán o procedemento de selección para a contratación de 3 peóns forestais, mediante o sistema de concurso-oposición, a tales efectos, iniciar os trámites procedimentais tendentes á devandita selección.*

Terceiro.- *Publicar a presente resolución e o texto íntegro das bases no tablón de anuncios e na páxina web do concello de Frades.*

Cuarto.- *Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL.*

Frades, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo alcalde Roberto Rey Martínez.

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN, POLO SISTEMA DE SELECCIÓN DE CONCURSO-OPOSICIÓN DE TRES PRAZAS DE PEÓN FORESTAL, PERSOAL LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE PRESENTACIÓN DE OFERTA DE EMPREGO NO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO DE GALICIA, A XORNADA COMPLETA.



Concello de FRADES

Camdevalá, 14
15386 - FRADES - (A Coruña)
Télex: 981 - 99 55 07 e 981 - 00 30 03 Fax: 981 - 99 55 09
E-Mail: concello@frades.jhu.es

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal a xornada completa, na modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral - código 405 e utilizando o sistema de concurso oposición, de tres (3) Peóns Forestais que prestarán o servizo de "Mantemento de Parques e Espazos naturais do Concello", segundo o establecido na Orde do 07 de xaneiro de 2022 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2022..

SEGUNDA.- MODALIDADE DE CONTRATACIÓN, DURACIÓN DO CONTRATO E RETRIBUCIÓN

A modalidade de contratación será a de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral coas cláusulas específicas de traballos de interese social, estando vinculado dito contrato o financiamento do servizo por parte da Consellería de Emprego e Igualdade.

A duración do contrato será de 9 meses.

A xornada ordinaria de traballo será de 40 horas semanais. As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a venres, adaptaranse ás necesidades do servizo.

As retribucións a percibir rexeráse polo establecido no vixente Convenio colectivo do sector de actividades forestais" publicado no BOE núm. 165 do 11/07/2019.

TERCEIRA.- PUBLICIDADE

As presentes bases de selección e demais anuncios publicaranse no tablón de anuncios e na páxina web do Concello: <https://frades.gal>

CUARTA.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

4.a) Requisitos xerais:

Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán estar preseleccionados/as como candidatos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, de conformidade coa oferta de emprego presentada polo concello, e reunir os seguintes requisitos:

1. Ser candidato/a remitido/a polo Servizo Público de Emprego de Galicia.
2. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ao emprego público, conforme aos artigos 56 e 57 do TREBEP e ao art. 52 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.



Concello de FRADES

Consedeira, 10

15088 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 07 e 981 - 30 50 03 Fax: 981 - 69 55 70

E-Mail: concejal@fradesdunuma.es

3. *Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.*
4. *Estar en posesión, ou en condición de obtelo na data de remate do prazo de presentación de instancias, do certificado de escolaridade ou título equivalente.*
5. *Non padecer enfermidade ou defecto psíquico ou físico que impida ou dificulte o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas correspondentes ó posto de traballo ó que se opta. Acreditarase mediante informe emitido do resultado do recoñecemento médico, que terá que realizar o/a aspirante seleccionado previo á contratación.*
6. *Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.*
7. *Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.*
8. *Estar en posesión do Celga 1 ou equivalente. De non acreditarse o coñecemento do galego deberase realizar unha proba de carácter obrigatorio e eliminatorio. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto (artigo 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015 de 29 de abril).*

4.b) Requisitos específicos en aplicación do artigo 14. da Orde do 12 de abril de 2021 os seguintes:

- a) *Persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes de emprego, non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral coas cláusulas específicas de traballos de interese social.*
- b) *Non ter sido contratado, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade, no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.*



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15680 - FRADES (A Coruña)
Telefs. 981 - 69 55 67 e 981 - 69 56 63 Fax. 981 - 69 55 79
E-Mail: concello@podesdunoma.es

- c) *Os desempregados deberán reunir os requisitos e características para o adecuado desempeño das funcións aos que faga referencia a oferta presentada na oficina do Servizo Público de Emprego*

QUINTA.- SELECCIÓN DOS ASPIRANTES.

En cumprimento do artigo 14 da orde do 07 de xaneiro de 2022 da Consellería de Emprego e Igualdade, o Concello presentará a oferta de emprego no Servizo Público de Emprego, solicitando traballadores/as para a súa selección. O Servizo Público de Emprego realizará unha sondaxe de demandantes, tendo en conta que non poden repetir aqueles que se contratasen por un período igual ou superior a nove meses con cargo á axudas concedidas no ano 2021 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas. O Servizo Público de Emprego aportará alomenos 2 candidatos e non mais de 10, remitindo novos candidatos se o Concello xustifica o incumprimento dos requisitos da oferta ou o rexeitamento voluntario ou incomparecencia dos candidatos remitidos, tendo en conta que terán preferencia en todo caso os colectivos sinalados no artigo 14.5 da mesma orde, no que se establecen os criterios de prioridade entre colectivos con especiais dificultades de inserción laboral, para a realización da selección dos/as traballadores/as desempregados/as:

- a) *Mulleres e, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.*
- b) *Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.*
- c) *Persoas paradas de longa duración.*
- d) *Persoas con discapacidade igual ou maior ao 33%.*
- e) *Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsídios por desemprego a que tivesen dereito.*
- f) *Persoas desempregadas maiores de 45 anos.*
- g) *Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.*

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares,



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15886 - FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 e 981 - 80 56 53 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: concello@frades.donana.es

entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento. O Servizo Público de Emprego de Galicia enviará a lista de candidatos preseleccionados ao Concello de Frades para a súa selección, na que non poderán participar aqueles candidatos que non figuren en dita lista.

O Concello elaborará unha lista de reserva, con aqueles candidatos que superando o proceso selectivo non foron seleccionados para a súa contratación, por orde de puntuación de maior a menor para utilizala no período de duración do contrato, no caso de que o aspirante seleccionado non poda asinar o contrato.

SEXTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas que habendo recibido a comunicación do concello de que foron preseleccionados polo Servizo Público de Emprego, deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello de Frades segundo o modelo establecido no Anexo I das presentes bases, no Rexistro do Concello de Frades, así como en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, o Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Da comunicación que realice o concello ao candidato que figure na relación do Servizo Público de Emprego, deberá quedar constancia escrita da realización deste aviso ou comunicación, se ben, por razóns de urxencia xustifícase que se realice a comunicación telefonicamente ou por mail. Para aqueles casos nos que non se contacte co/coa candidato/a bastará un informe dun técnico responsable que acredite esta circunstancia.

*O prazo de presentación de solicitudes será de **3 días hábiles** a contar dende o día seguinte en que reciba a comunicación do concello de que foi preseleccionado polo Servizo Público de Emprego de Galicia.*

No caso de presentarse a documentación nun rexistro diferente ao do concello de Frades, deberá remitirse escaneada a solicitude coa totalidade da documentación presentada co devandito número de rexistro ao correo electrónico do concello correo@frades.gal

As/os interesados/as deberán presentar a solicitude de participación segundo o anexo I destas bases acompañada de copia simple da seguinte documentación:

- DNI.*
- Tarxeta de demandante de emprego actualizada.*
- Titulación esixida na base cuarta.*
- Certificado CELGA 1 ou equivalente, de ser o caso.*



Concello de FRADES

Condelevía, 19

15686 - FRADES - O Concello

Teléfono: 981 - 69 55 07 v 981 - 69 56 03 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: concello@fradesconcello.es

- Documentación acreditativa dos méritos alegados , se é o caso, tal como se sinala na base novena.
- Documentación acreditativa da situación de colectivo preferente segundo a base cuarta.

Presumirase documentación auténtica, e unicamente será requerida a presentación da documentación orixinal ao aspirante que finalmente sexa seleccionado. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso selectivo.

SÉTIMA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sr. Alcalde-Presidente do Concello ditará Resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas, coa indicación da causa de exclusión, que se publicará na páxina web do Concello de Frades, outorgando un prazo máximo de **2 días hábiles**, contados a partir do seguinte ó da publicación, para a subsanación de deficiencias ou reclamacións.

De non existir aspirantes excluídos, a Alcaldía poderá elevar á definitiva a lista provisional na mesma resolución de aprobación.

Finalizado o prazo de subsanación, publicarase a relación definitiva de admitidos e excluídos para a realización da proba sinalada na base novena. Na mesma resolución nomearase e emprazarase ao Tribunal Cualificador

O feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ós interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente como paso previo á contratación que corresponda.

OITAVA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador nomearase no mesmo decreto no que se aprobe a lista de aspirantes admitidos.

Abstención e recusación

Os membros dos tribunais deberán abstenerse de formar parte destes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de Réxime xurídico do Sector Público, notificándollo á autoridade convocante. Os aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 24 da mencionada lei.



Concello de FRADES

Ciudadela, 10

15286 - FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 v 981 - 49 56 63 Fax: 981 - 69 55 70

E-Mail: concello@fradesdumina.es

Constitución e actuación

O tribunal non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (tribunales ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

A actuación do tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases. As decisións adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes e en caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal.

O tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes, que actuarán con voz pero sen voto, limitaranse únicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas, en base exclusivamente ás cales colaborarán co órgano de selección.

Vinculación das resolucións do tribunal

O Alcalde resolverá de acordo coa proposta do tribunal, que terá carácter vinculante e tendo en conta que o número de seleccionados non pode superar o de prazas convocadas.

NOVENA.- PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN

Establécese como sistema de selección o de concurso-oposición, con suxeción aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

A selección de aspirantes realizarase en dúas fases: fase de oposición e fase de concurso.

1. FASE DE OPOSICIÓN (máximo de 10 puntos). *De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos os aspirantes. A fase de oposición será previa á fase de concurso e consistirá nas seguintes probas: proba práctica e proba de galego.*

a) Proba de galego.

De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá nunha proba oral que será cualificada como apto ou non apto, quedando eliminados/as os/as aspirantes que non acaden a cualificación de APTO.

Avaliarase a ADECUACIÓN ao contexto presentado, a INTERACCIÓN na que se empreguen estratexias de colaboración co interlocutor Avaliarase a COHESIÓN e FLUIDEZ, que se presenten as ideas ben enlazadas, do xeito o máis fluído posible. Avaliarase a



Concello de FRADES

Camarval, 10
15080 - FRADES (A Comuña)
Teléfono: 981 - 09 55 97 e 981 - 00 50 03 Fax: 981 - 09 55 71
E-Mail: conceljofrades@comuna.es

PRONUNCIA e a ENTOACIÓN, que a pronuncia sexa correcta e que se faga un uso axeitado da fonoloxía galega. Avaliarase a GRAMÁTICA, que non haxa erros morfolóxicos ou sintácticos. Avaliarase o LÉXICO, isto é, a variedade e riqueza léxica, a precisión e amplitude do vocabulario empregado.

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten, coa presentación da instancia, estar en posesión do Celga 1 ou equivalente.

b) Proba práctica: *Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións do posto a desenvolver.*

A comisión seleccionadora puntuará este exercicio entre 0 e 10 puntos.

Para superar dita proba será preciso acadar como mínimo 5 puntos.

A duración da proba práctica decidirá a comisión seleccionadora, segundo a proba que se estableza.

2. FASE DE CONCURSO. (máximo 5 puntos).

Non será eliminatoria e levarase a cabo despois da fase de oposición. Procederase á valoración dos méritos alegados daqueles aspirantes que superen a fase de oposición.

O Tribunal cualificador valorará a experiencia profesional e a formación, cun máximo de 5 puntos, segundo o seguinte baremo:

a) Experiencia profesional. Ata un máximo de 3 puntos.

- Por servizos prestados en Administracións Públicas en postos de igual ou superior categoría e no que se desenvolvan tarefas ou funcións propias do posto que se convoca: 0,40 puntos por cada mes completo.*
- Por servizos prestados en empresas privadas en postos de igual ou superior categoría e no que se desenvolvan tarefas ou funcións propias do posto que se convoca: 0,20 puntos por cada mes completo.*

Non se admitirán os servizos prestados como autónomo. Non se computarán os períodos de tempo inferiores a 1 mes.

Para a súa acreditación deberán presentar a seguinte documentación orixinal ou copia cotexada:

- Certificación de servizos prestados emitida pola administración pública ou empresa privada, ou ben, contrato de traballo.*
- Informe de Vida Laboral actualizado.*

Será preciso presentar ambos documentos para que sexa valorada a experiencia profesional.



Concello de FRADES

Camdevila, 19
15000 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: concello@frades.dicoruna.es

b) Cursos de Formación, ata un máximo de 2 puntos.

Valorarase a asistencia a cursos impartidos por Administracións Públicas, organismos públicos, centros oficiais ou dependentes de Administracións Públicas ou Universidades Públicas, directamente relacionados coas funcións propias do posto convocado, de acordo co seguinte baremo:

Horas	Puntuación
25 a 49 horas	0,15
50 a 74 horas	0,20
75 a 99 horas	0,25
100 a 149 horas	0,30
150 horas ou máis	0,35

Non se valorará a asistencia a xornadas, seminarios ou actividades análogas nin cursos de informática.

As persoas aspirantes acreditarán estes méritos mediante diploma ou certificado expedido ou homologado por organismos oficiais no que deberá constar expresamente o número de horas e un resumo das materias impartidas.

DÉCIMA.- RELACIÓN DE APROBADOS

A cualificación final das probas virá determinada pola puntuación obtida na fase de oposición e concurso, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

En caso de empate na puntuación final, o desempate resolverase atendendo aos criterios sinalados no artigo 14.5 da Orde do 07 de xaneiro de 2022 no que se establece a preferencia dos colectivos con especiais dificultades de inserción:



Concello de FRADES

Condevedra, 10
15285 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 59 55 07 e 981 40 70 03 Fax: 981 59 55 70
E-Mail: concello@pudexdromm.es

- a) *Mulleres e, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero.*
- b) *Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional.*
- c) *Persoas paradas de longa duración.*
- d) *Persoas con discapacidade.*
- e) *Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsídios por desemprego a que tivesen dereito.*
- f) *Persoas desempregadas maiores de 45 anos.*
- g) *Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia.*

Así mesmo, terase en conta o menor nivel de protección por desemprego das posibles persoas beneficiarias, así como a existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate o/a cónxuxe, parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento.

O Tribunal cualificador, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de contratación ante a Alcaldía-Presidencia, sen que esta poida superar o número de prazas convocadas. As propostas de contratación que contraveñan este límite serán nulas de pleno dereito.

O Tribunal cualificador establecerá unha lista de reserva cos aspirantes que teñan superado o proceso selectivo e non obtiveron praza, ordenadas de maior a menor puntuación que servirá para posibles renuncias, substitucións ou baixas que se produzan durante a vixencia do contrato.

UNDÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A Alcaldía ditará resolución de contratación do/a aspirante proposto polo tribunal e formalizará o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

Con carácter previo á formalización do contrato o aspirante deberá someterse a recoñecemento médico, emitíndose o correspondente ditame sobre a adecuación psicofísica de aquel/a para o desempeño das tarefas propias da praza a ocupar. Tamén deberá presentar:

– Declaración responsable segundo o modelo Anexo II.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 83 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: concello@fradesdiaruna.es

– *Certificado de conta bancaria.*

Si é preciso para a súa comprobación, poderase requirir ao candidato/a seleccionado os documentos orixinais dos presentados coa instancia.

Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizalo contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas

Ata que non se formalice o contrato, o/a aspirante proposto/a non terá dereito a percibir cantidade económica algunha.

DUODÉCIMA.- RECURSOS

O Tribunal poderá resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdicción Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

Contra a resolución, que é definitiva en vía administrativa e pola que se aproban as bases desta convocatoria poderán os interesados interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o órgano que a ditou, no prazo dun mes ou directamente recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita Xurisdicción, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Frades, asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

O alcalde

Roberto Rey Martínez



Concello de FRADES

Comendado, 19
15080 - FRADES (A Coruña)
Teléfono: 981 - 69 55 07 v 981 - 69 50 03 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: concello@frades.duavuma.es

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

Nome:		Apelidos:	
DNI:		Nacionalidade:	
Domicilio a efectos de notificación e comunicacións en:			
C.P.		Localidade:	Provincia:
Teléfono:		E-mail:	

EXPÓN:

1ª.- Que recibida comunicación conforme fun preseleccionado/a pola Oficina do Servizo Público de Emprego para a provisión de 1 Peón forestal como persoal laboral temporal, para prestar o servizo de "Mantemento de parques e espazos naturais do Concello", desexo participar no proceso selectivo.

2ª.- Que reúno todos os requisitos esixidos nas bases da citada convocatoria á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes.

3ª.- Que achego a seguinte documentación:

	<i>Copia simple do documento Nacional de Identidade (DNI, NIE, Pasaporte).</i>
	<i>Copia simple da Tarxeta de demandante de emprego actualizada.</i>
	<i>Copia simple do certificado de escolaridade ou título equivalente.</i>
	<i>Copia simple, no seu caso, do documento xustificativo de estar en posesión do Celga 1 ou equivalente.</i>
	<i>Copia simple da documentación xustificativa dos méritos alegados da fase de concurso, segundo a base novena.</i>
	<i>Copia simple de documentación acreditativa de colectivo preferente, de ser o caso.</i>



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Telefs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 71

E-Mail: conreg@fradesdiaruna.es

4º.- Que a documentación que achego xunto con esta solicitude é copia fiel da orixinal, responsabilizándome da súa veracidade e de presentar os orixinais no Concello de Frades no momento en que, no seu caso, me sexan requeridos ao efecto.

5º.- Que coñezo e acato incondicionalmente o contido das bases reguladoras.

Polo exposto,

SOLICITO: Que se teña por presentada esta solicitude e se me admita para tomar parte no proceso selectivo convocado para cubrir a praza convocada.

En _____, a ____ de _____ de 2022

Asdo:

SR. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRADES (A CORUÑA)



Concello de FRADES

Comandaría, 19
15086 - FRADES (A Coruña)
Teléfs. 981 - 69 55 67 e 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: concello@frades.doma.es

ANEXO II. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Nome:	Apelidos:	
DNI:	Nacionalidade:	
Domicilio a efectos de notificación:		
Municipio:	CP:	Provincia:
Mail:	Teléfono:	

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Primeiro: Que reúno todos e cada un dos requisitos establecidos nas Bases da presente convocatoria.

Segundo: Que non estou incurso/a en ninguna causa de incapacidade ou incompatibilidade das previstas na lexislación vixente.

Terceiro: Que non fun separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, e que non me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargo público por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado.

Cuarto: Que me atopo na actualidade en situación de desemprego, inscrito/a como tal no Servizo Público de Emprego, e dispoñible para o posto de traballo ofertado de peón forestal.

E para que conste e produza os efectos oportunos no expediente de selección de persoal temporal, do Concello de Frades para o posto de Peón forestal, asino a presente declaración, baixo a miña responsabilidade.

_____, a ____ de _____ de 2022 (...)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)

Telefóns. 981 - 69 55 07 y 981 - 40 50 63 Fax. 981 - 69 55 79
E-Mail: concello@frades.diaxuma.es

E para que conste, aos efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.^o B.^o do Sr. Alcalde, coa salvedade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, expídese a presente en Frades, a luns 16 de maio de 2022

O Alcalde,
Roberto Rey Martínez

A Secretaria
Ángela María Viqueira Allo



COPIA



OFERTA DE EMPREGO

IDENTIFICADOR DA OFERTA

DATA ENTRADA

DATOS XERAIS DA OFERTA

IDENTIFICADOR DA EMPRESA (CIF, NIF...) P1503900A	RAZÓN SOCIAL CONCELLO DE FRADES	CTA. DE COTIZACIÓN 45114989735
ENDEZEZO DA EMPRESA CUNASYLA S/N FRADES	TELÉFONO 988695567	FAX
CORREO ELECTRÓNICO conce@frades.gal	ENCARGADO/A DA SELECCIÓN DOS /AS CANDIDATOS/AS ROBERTO REY MARTINEZ	Nº POSTOS 3
ENDEZEZO DA SELECCIÓN CUNASYLA S/N - FRADES	CONCELLO FRADES	RELACIÓN CONTRACTUAL <input checked="" type="checkbox"/> Temporal <input type="checkbox"/> Indefinido
C. POSTAL A5686	XEITO PREFERENTE DE CONTACTO (e-mail, correo ordinario, fax, teléfono...)	

DESCRIPCIÓN DA OFERTA

UBICACIÓN DO POSTO DE TRABALLO FRADES	CONCELLO FRADES	C. POSTAL A5686
CNO	OCUPACIÓN QUE SE SOLICITA PEON FORESTAL	NIVEL PROFESIONAL (categoría)
DESCRIPCIÓN DA OCUPACIÓN (requisitos adicionais necesarios para o posto ofertado) MANTENIMENTO DE PARQUES E ESPAZOS NATURAIS DO CONCELLO		MESES EXPERIENCIA 0

DATOS CONTRACTUAIS

DATA PREVISTA INCORPORACIÓN 14 / 06 / 2022	Kornada de traballo Completa <input type="checkbox"/> Parcial <input type="checkbox"/> Parcial mañá <input type="checkbox"/> Parcial tarde <input type="checkbox"/>	No caso de xornada parcial: Xornada diaria <input type="checkbox"/> Xornada semanal <input type="checkbox"/> Xornada mensual <input type="checkbox"/> Nº horas a tempo parcial	Particularidades do emprego Traballo nocturno <input type="checkbox"/> Sábados, domingos e festivos <input type="checkbox"/> Traballo a domicilio <input type="checkbox"/> Teletraballo <input type="checkbox"/> Transporte <input type="checkbox"/> Barreiras arquitectónicas <input type="checkbox"/>
DURACIÓN DO CONTRATO (días) 270			
TIPO DE CONTRATO INTERESA SOCIAL			

REQUISITOS DOS/AS CANDIDATOS/AS

Os/as candidatos/as deben ser discapacitados/as <input type="checkbox"/>	Situación laboral Desempregado/a <input checked="" type="checkbox"/> Ocupado/a <input type="checkbox"/>	Debe viaxar SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>	Permiso de conducir SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/> TIPO
--	--	---	--

NIVEL FORMATIVO

OUTROS DATOS SOBRE OS REQUISITOS DOS/AS CANDIDATOS/AS

TITULACIÓN ACADÉMICA ESTUDIOS PRIMARIOS	ESPEC. FORMACIÓN OCUPACIONAL	COÑECEMENTOS DE LINGUAS	
		Lingua	Nivel
CARNÉS PROFESIONAIS	OUTRO TIPO DE COÑECEMENTOS	COÑECEMENTOS DE INFORMÁTICA	
		Informática	Nivel

OBSERVACIÓN

Os datos persoais contidos no presente documento gozan da protección prevista no Título II da Lei Orgánica 15/1999, de Protección de Datos de Carácter Persoal. Aos efectos da mencionada Lei Orgánica fun informado previamente e declaro a exactitude e veracidade dos datos contidos no presente documento e autorizo a súa utilización para a intermediación coas ofertas de traballo. Estes datos non se poderán empregar para fins incompatibles con aqueles para os que foron recollidos. Solicito ao Servizo Público de Emprego a presentación dun resumo do curriculum dos/as candidatos/as axeitados/as ao posto de traballo solicitado.

Sinatura e selo do/da xestor/a da oferta

Sinatura e selo do/da representante legal da empresa

En

FRADES

a

19

de

MAIO

de 20

22



INSTRUCCIÓN XERAIS:

- Escriba o texto en letras maiúsculas e de imprenta.
- Os espazos sombreados están reservados para a súa cumprimentación á entidade autorizada.
- Na valoración da escala escolla a que máis se axuste ás súas necesidades.
- A calidade e eficiencia do servizo dependen directamente do contido do presente documento.

INSTRUCCIÓN ESPECÍFICAS:

- Se o enderezo onde se vai realizar a selección e a ubicación dos postos de traballo están sen cumprimentar entenderase que son iguais ao enderezo da empresa.
- No campo "Outro tipo de coñecementos" cubrirase o referido a cursiños, titulacións non homologadas ...

EN CUMPRIMENTO DA LEI ORGÁNICA 15/1999, DE 13 DE DECEMBRO, DE PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL, INFÓRMASE DOS SEGUINTE PUNTOS:

- Os datos proporcionados no presente documento formarán parte dun ficheiro automatizado, centralizado no Servizo Público de Emprego de Galicia, gozando da protección establecida na devandita lei.
- O Servizo Público de Emprego de Galicia actúa como intermediario entre as empresas que ofrezan traballo e os/as demandantes de emprego, axilizando o proceso de contratación. A tal efecto, remitiranse á súa empresa os /as candidatos/as máis axeitados/as para os postos de traballo ofertados.
- En calquera momento pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, dirixíndose á súa oficina de emprego.
- A identidade e o enderezo do responsable do ficheiro é a seguinte:

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA
SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO
DIRECCIÓN XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL
Edif. Administrativo San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela



XUNTA DE GALICIA